


RECOMENDACIONES

LIBROS «SUSO ESPADA. 'NOTA ROJA'»

Investigar de Rodeiro a Oaxaca

RODRI GARCÍA

Volve Suso Espada, o detective da axencia ADN creado por Fernández Naval. Nesta ocasión ten dobre traballo: un cliente con mal de ollo en Rodeiro e un parente de Oaxaca que de xeito misterioso pide a súa axuda. A maior parte da trama, con ilustracións de Beatriz García Trillo, transcorre nunhas terras mexicanas que o autor amosa coñecer ben, desde as linguas faladas ata os costumes pasando pola gastronomía. A presentación de personaxes como o fotógrafo O Negro da pé para chiscadelas literarias do detective que confesa a admiración por Kapuscinski, «un exemplo de profe-



escribir». O título está tomado das notas de sucesos dos xornais de México, nas que acababa aparecendo o propio Espada.

«Suso Espada. 'Nota roja'»

Francisco Fernández Naval. Everest Galicia.